

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de decembro de 2009

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do e dez minutos día vinte e dous de decembro do ano dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, por delegación a Secretaria Xeral do Pleno, M^a Concepción Campos Acuña, o Interventor Xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica e Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1922).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

Por unanimidade ratifícase a urxencia da sesión.

2(1922).- RECOÑECIMIENTO DO COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A DON FRANCISCO DAVILA VIÉITEZ ENTRE O 28 DE MAIO E O 31 DE AGOSTO DE 2009. EXPTE. 19359/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 8 de outubro de 2009 emitido pola técnica de avaliación de formación de RR.HH coa conformidade da xefa do servizo e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 9 de decembro, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Recoñecer un complemento de produtividade ao empregado municipal D Francisco Davila Vieitez, con número de persoal 15119 polo período comprendido entre o 28 de maio e o 31 de agosto de 2009 a cantidade de 573,34 €, importe calculado en función das diferencias retributivas mensuais entre os postos de Xefe de equipo e Capataz, posto acumulado segundo resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 28 de maio de 2009.

Segundo.- Aprobar e comprometer o gasto por importe de 573,34€ en concepto de produtividade a favor do empregado municipal don Francisco Davila Vieitez, co número de persoal 15119, con cargo a la partida 12111500000, polo período comprendido entre o 28 de maio e o 31 de agosto de 2009

Déase traslado do presente acordo á interesada, ao Comité de persoal e á Intervención xeral, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Editos por un prazo de dez días

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de UN MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

3(1923).- XUBILACIÓN ANTICIPADA DO CABO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, DON EDELMIRO MONTES IGLESIAS CON EFECTOS O 03.01.10. EXPTE. 19538/220.

Vistas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 15 de decembro de 2009 emitido pola xefa da área de Réxime Interior coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 17 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar, de conformidade co disposto no Real Decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades ao servizo das administracións e organismos públicos, a xubilación anticipada e voluntaria do funcionario de carreira D. Edelmiro Montes Iglesias (núm. persoal 10777), coa categoría profesional de Cabo do Servizo de Extinción de Incendios, con efectos dende o día 3 de xaneiro de 2010.

Segundo.- Dispoñer o abonamento a D. Edelmiro Montes Iglesias (núm. persoal 10777) da cantidade de 7.813,16 € en concepto de indemnización por xubilación anticipada, en execución do disposto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo.

4(1924).- EXPEDIENTE DE REVISIÓN DAS TARIFAS DE AUTO-TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2010. EXPTE. 77103/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 18 de decembro da xefa do Servizo de Transportes conformado polo concelleiro-delegado, visto o acordo do Consello Municipal de Transportes adoptado en sesión do 21 de decembro, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos auto-taxis da cidade para o ano 2010, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes:

TARIFA 1 (aplicable días laborables de 6:00 a 22:30 horas)

Tarifa mínima (1800 metros e/ou 5,19 minutos).....	3,08
Km percorrido.....	0,84
Hora de espera.....	17,11
Suplemento aeroporto.....	3,81
Suplemento Cotogrande.....	2,64
Maletas e vultos análogo.....	0,47

TARIFA 2 (domingos e festivos, 24 e 31 de decembro. Sábados dende as 15:00 e servizo nocturno de 22:30 ás 6:00 horas).

Tarifa mínima (1200 metros e/ou 3,37 minutos.....	3,23
Km percorrido.....	0,93
Hora de espera.....	18,60
Suplemento aeroporto.....	3,81
Suplemento Cotogrande.....	2,64
Maletas e vultos análogos.....	0,47

Segundo.- Aplicar un suplemento os días 25 de decembro e 1 de xaneiro, dende as 00,00 horas ata as 10,00 horas de 2 euros.

Terceiro.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

5(1925).- EXPEDIENTE DE REVISIÓN DE TARIFAS DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS PARA O ANO 2010. EXPTE.77192/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta de data 9 de decembro da xefa do Servizo de Transportes conformado polo concelleiro-delegado, visto o informe emitido polo interventor xeral con data 17 do mesmo mes, de conformidade co acordo do Consello Municipal de Transportes adoptado en sesión do 21 de decembro, e visto a ampliación de informe da mesma data emitido pola xefa do Servizo de Transportes coa conformidade do concelleiro delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar a revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo, solicitada pola empresa “VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L.” para o ano 2010, sendo os prezos a aplicar có IVE incluído, de conformidade cós informes emitidos obrantes neste expediente:

- prezo billete..... 1,16 ...€
- prezo coche/qm..... 4.6950€

Segundo.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

Terceiro.- Revisar os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

- bono bus normal..... 0,80
- bono bus estudante..... 0,77
- bono bus pensionista gratuíto
- bono bus pensionista II gratuíto
- bono bus universitario..... 0,58
- bono bus persoas mobilidade reducida que utilicen cadeira de rodas e o seu acompañante gratuíto

- bono social..... 0,60

Cuarto.- Subvencionar no exercizo económico de 2010, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual, estudante , pensionista I e II, social e as persoas con mobilidade reducida que precisen para os seus desprazamentos cadeira de rodas, así como para aquela persoa que os acompañe, e subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995.

Quinto.- Fixar como nº de viaxeiros aos efectos de revisión tarifaría o número real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do período inmediatamente anterior a presentación da solicitude de revisión tarifaría incrementado en mais o en menos no porcentaxe de variación no mesmo período.

Sexto.- Acordar a realización dunha auditoría financeira da empresa Viguesa de Transportes S.L. nos termos que fixe a Intervención Municipal ao obxecto de determinar entre outros aspectos o posible déficit de recuperación da amortización do material móbil e dos terreos e instalacións en relación co número de viaxeiros transportados, reclamado pola empresa concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros por un importe de 1.211.021,92 € ate o ano 2008 no expediente da revisión tarifaría e para o caso de que se comprobe a existencia do déficit, se cuantifique o mesmo e se aprobe a fórmula de recuperación.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

kv.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.